

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación definitiva da modificación do regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Teo

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria do 9 de outubro de 2019 acordou aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Teo.

Sometido o expediente a información pública, durante trinta días, mediante anuncios publicados no BOP (número 196 do 15.10.2019), na web e no taboleiro de anuncios do concello, non se presentou reclamación algunha, polo que, de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e de conformidade co acordo plenario citado, enténdese definitivamente aprobada a mencionada modificación do Regulamento.

De acordo co disposto no artigo 70.2 da LRBRL, procédese á publicación íntegra do texto da modificación do Regulamento, que entrará en vigor trala súa publicación e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

Teo, 12 de febreiro de 2020

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

Modifícase o texto do apartado b do artigo 6º no procedemento ordinario de acceso, incorporando dentro do mesmo unha nova categoría no listado de colectivos con prioridade de acceso, no punto 2 (“2. Fillas/os de traballadoras/os do centro no que estas/es prestan servizo, independentemente do seu empadramento concello de Teo”), quedando o apartado b) do artigo en cuestión (6ºb) redactado segundo se detalla a continuación:

“ b) Novo ingreso:

As prazas que non sexan cubertas no procedemento anterior ofertaranse á poboación xeral que cumpra os requisitos que fixa o artigo 4º. Dentro desta modalidade determínase a seguinte orde de preferencia:

- 1- Usuarías/os que ocupaban praza reservada a ingresos urxentes.
- 2- Nenas e nenos que teñan necesidades educativas especiais que dean lugar a necesidade de ocupar dúas prazas.
- 3- Fillas/os de traballadoras/os do centro no que estas/es prestan servizo, independentemente do seu empadramento no concello de Teo.
- 4- Solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro para o que se solicita o novo ingreso.
- 5- As restantes solicitudes de unidades familiares nas que todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.
- 6- As solicitudes de unidades familiares nas que non todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

Poderanse presentar solicitudes antes do nacemento, estas faranse efectivas se a data de nacemento fora anterior ao día 1 de xuño do ano para o que se solicita praza.

Neste caso deberá acreditarse no menor tempo posible o seu nacemento presentando no rexistro do concello o libro de familia no que se realice a súa inscrición. No caso de que se produciase con posterioridade a esta data, a solicitude non terá ningún efecto, sendo levada de xeito automático na seguinte convocatoria da comisión de baremación de procedemento extraordinario”.